

BASES REGULADORAS DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2023

PROGRAMA +CONCILIA BARREIROS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

As presentes bases teñen por obxecto regular o proceso de selección para a participación no Campamento de Verán 2023, favorecendo a conciliación familiar na época de vacacións dos meses de xullo e agosto.

Artigo 2. Persoas destinatarias.

O campamento de verán está dirixido a nenos e nenas nados do 01/01/2011 ao 31/12/2019.

Artigo 3. Datras de celebración e localización do campamento.

Desenvolverase dende o 1 de xullo do 2023 ata o 31 de agosto do 2023, en quendas de 15 días naturais:

Quenda 1: Do 1 ao 15 de xullo do 2023.

Quenda 2: Do 16 ao 31 de xullo do 2023.

Quenda 3: Do 1 ao 15 de agosto do 2023.

Quenda 4: Do 16 ao 31 de agosto do 2023.

A sede do campamento será aquela instalación municipal adaptada ás condicións máis favorables para o desenvolvemento do campamento, aínda que de forma puntual e atendendo ao requirimento das actividades programadas farase uso doutros espazos ou instalacións próximas a ela no termo municipal.

Artigo 4. Horario do campamento.

O horario será de 9:30h. a 13:30 h., de luns a venres.

Para aquelas familias que por motivo exclusivo de conciliación precisen traer aos/ás seus/súas fillos/as antes do comezo do campamento, amplíase o horario de entrada de 9:00 a 9:30, neste tempo as crianzas serán custodiadas e vixiadas pero non terán actividades.

Artigo 5. Prazas ofertadas.

Ofértase un total de 200 prazas repartidas en catro quendas de 50 prazas cada unha.

No suposto de quedar prazas libres tralos chamamentos das listas de agarda, quedará aberta a inscrición dende a finalización dos trámites que se recollen nesta bases, outorgándose as prazas segundo a orde de inscrición.

Para tramitar novas inscricións, deberase consultar previamente á técnica responsable a disposición de prazas libres na quenda de preferencia.

Artigo 6. Taxa.

O prezo da quenda será de:

- 10 euros para menores censados no Concello de Barreiros ou menores non censados pero que algún dos proxenitores traballe nunha empresa son sede fiscal no Concello de Barreiros.
- 20 euros para menores non censados no Concello de Barreiros.

Exención de taxa para aqueles casos que así se valoren dende os Servizos Sociais do Concello. No caso de que a persoa solicitante considere que pola súa escaseza de recursos ou dificultades económicas ten que acollerse á exención de taxa, deberá solicitar cita previa con Servizos Sociais para que o valoren.



Artigo 7. Perfil e criterios de selección das persoas destinatarias.

7.1. Para a selección dos participantes terase en conta o nivel de renda familiar, as cargas familiares das persoas solicitantes, as mulleres solicitantes vítimas de violencia de xénero en todas as súas manifestación, as familias monoparentais e monomarentais, a situación laboral dos proxenitores que se atopen a cargo do menor e o empadramento do/da participante.

Se nalgunha das quendas ofertadas hai máis solicitudes que prazas dispoñibles, establecerase o seguinte baremo para a selección das persoas destinatarias:

- Empadramento no Concello de Barreiros, a data anterior ao 01 de xaneiro do 2023: **30 puntos**
- Algún dos proxenitores do/a menor non censado/a que traballa nunha empresa con sede fiscal no Concello de Barreiros: **10 puntos**
- Traballan os dous/das proxenitores/ras ou titores legais: **9 puntos.**
- Traballa un/unha só/soa dos/das proxenitores/ras ou titores legais: **8 puntos.**
- Familias monomarentais e monoparentais: **7 puntos**
- Nai ou titora legal solicitante vítima de violencia de xénero: **6 puntos**
- Nivel de renda, atendendo aos seguintes rangos. **Máximo 5 puntos.**
 - Renda anual neta per cápita igual ou inferior a 7.000. **5 puntos**
 - Renda anual neta per cápita 7.000,01 a 8.000 €. **4 puntos**
 - Renda anual neta per cápita 8.000,01 a 9.000 €. **3 puntos**
 - Renda anual neta per cápita superior a 9.000€. **2 puntos**
- Familias con título de familia numerosa: **1 punto**

Nos casos de empates, estes resolveranse mediante un sorteo.

7.2. Para os efectos de baremación, a renda familiar anual neta per cápita obtérase da agregación das rendas, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas así:

- Primeiro: sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes aos exercicios anteriores.
- Segundo: deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.
- Terceiro: o importe obtido dividirase entre o número de membros que compoñen a unidade familiar.

Artigo 8. Presentación de documentación.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude de admisión (Anexo I) a seguinte documentación acreditativa no prazo correspondente para dito trámite:

ACREDITACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICA E LABORAL:

- a) Copia da declaración da Renda de ambos proxenitores correspondente ao exercicio fiscal anterior ao ano natural en que dea comezo o campamento (Renda 2021) ou no seu defecto, certificado emitido pola delegación de Facenda acreditando os ingresos anuais que poden solicitalo a través das oficinas xeral do Concello.
- b) Copia do Convenio Regulador no caso de nulidade matrimonial, separación e divorcio, xa que se considerará a renda de quen exerza a garda e custodia.
- c) Encabezado da última nómina laboral ou copia do último recibo de autónomos, de ambos proxenitores.



ACREDITACIÓN DA SITUACIÓN FAMILIAR:

- a) Copia do título de familia numerosa.
- d) Certificado de familia monoparental ou monomarental.
- e) A orde de protección no caso de ser muller solicitante vítima de violencia de xénero.

Unha vez publicada a lista definitiva de admitidos e no prazo correspondente, as persoas admitidas deberán achegar coa folla de inscrición (Anexo II) a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI da persoa inscrita, se non se dispuxera del a copia do libro de familia.
- b) Unha foto de carné no caso de que non teña DNI, co nome e apelidos polo seu dorso.
- c) Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor inscrito/a.
- d) Xustificante do ingreso de pago onde debe figurar no seu concepto: Nome e apelidos do menor/a + Campamento 2023 - nº quenda

Para os efectos de pago tomaranse os seguintes datos bancarios:

Entidade bancaria: ABANCA

Nº Conta para o ingreso: ES55 2080 0142 9031 1000 0019

Artigo 9. Trámites e prazos.

Todos os trámites realizaranse nas oficinas municipais, de 9:30 h. a 15:00 h., ou a través da sede electrónica do Concello de Barreiros ata ás 15:00 h. do último día do prazo correspondente. Os prazos son os seguintes:

- Solicitud de admisión: Dende a publicación destas bases ata o 9 de xuño.
- Publicación da lista provisional de admitidos en cada quenda: 14 de xuño.
- Reclamacións: 15 e 16 de xuño.
- Publicación da lista definitiva de admitidos e lista de agarda en cada quenda: 19 de xuño.
- Inscricións: do 20 ao 23 de xuño.
- Chamamento da lista de agarda: o 26 xuño.



ANEXO I

Solicitud de admisión no campamento de verán 2023

DATOS DA/O MENOR SOLICITANTE			
NOME E APELIDOS			
<input type="text"/>			
DATA DE NACEMENTO	DNI	EMPADROADO/A	PROXENITORES
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> Concello de Barreiros	<input type="checkbox"/> Traballan no Concello de Barreiros

NA SÚA REPRESENTACIÓN	
NAI, PAI OU TITOR/A LEGAL	
<input type="text"/>	
DNI	Nº TELÉFONO CONTACTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

QUENDAS SOLICITADAS PARA A MATRÍCULA
Quenda 1 (Do 01 ao 15 xullo) Quenda 2 (Do 16 ao 31 xullo) Quenda 3 (Do 01 ao 15 agosto) Quenda 4 (Do 16 ao 31 de agosto)
Deberá escribir a <u>orde de preferencia</u> das quendas <u>nas que soamente se quere matricular</u> .
1ª Opción <input type="text"/>
2ª Opción <input type="text"/>
3ª Opción <input type="text"/>
4ª Opción <input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA PARA A SELECCIÓN.
<input type="checkbox"/> Encabezado da última nómina laboral ou copia do último recibo de autónomos, de ambos proxenitores.
<input type="checkbox"/> Copia do título de familia numerosa.
<input type="checkbox"/> Certificado de familia monoparental ou monomarental.
<input type="checkbox"/> A orde de protección no caso de ser muller solicitante vítima de violencia de xénero.
<input type="checkbox"/> Copia da Declaración da Renda (2021) de ambos proxenitores ou certificado de ingresos anuais.
<input type="checkbox"/> Convenio Regulador, no caso de caso de nulidade matrimonial, separación ou divorcio.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE
En Barreiros, a <input type="text"/> de <input type="text"/> de 2023

Dacordo co regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, de Protección de Datos de carácter persoal, os datos recollidos neste documento serán tratados de forma confidencial e poderán ser incorporados ao correspondentes ficheiros do Concello de Barreiros. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándollo por escrito mediante unha solicitude, que presentará en rexistro xeral do Concello de Barreiros ou por correo electrónico administracion@concellodebarreiros.gal, provisto dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. CONCELLO DE BARREIROS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos.



ANEXO II
FOLLA DE INCRICIÓN CAMPAMENTO DE VERÁN 2023

DATOS DA/O MENOR																					
NOME E APELIDOS <input style="width:100%;" type="text"/>																					
DATA DE NACEMENTO <input style="width:150px;" type="text"/>	TALLA DE CAMISETA <input style="width:150px;" type="text"/>																				
DNI <input style="width:100%;" type="text"/>																					
QUENDAS NAS QUE SE MATRICULA																					
<input type="checkbox"/> Q1. (Do 01 ao 15 xullo) <input type="checkbox"/> Q2. (Do 16 ao 31 xullo) <input type="checkbox"/> Q3. (Do 01 ao 15 agosto) <input type="checkbox"/> Q4. (Do 16 ao 31 agosto)																					
NA SÚA REPRESENTACIÓN																					
NAI, PAI OU TITOR/A LEGAL <input style="width:100%;" type="text"/>																					
DNI <input style="width:100%;" type="text"/>	Nº TELÉFONO CONTACTO <input style="width:150px;" type="text"/>																				
CONSINTO, ACEPTO E DECLARO																					
<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non, dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías do/a menor a través das redes sociais/web do Concello de Barreiros, co fin de promocionar o Campamento de Verán organizado polo Concello.																					
<input type="checkbox"/> Consinto que o/a menor citada con anterioridade realice as actividades fóra da instalación sede do campamento e dentro do termo municipal, en función das necesidades das actividades programadas durante a quincena, e sempre co acompañamento e supervisión do equipo de monitores/as																					
<input type="checkbox"/> Lin e acepto as condicións de participación nas que se vai desenvolver a actividade do Campamento, publicadas na páxina web do Concello.																					
<input type="checkbox"/> Declaro que a persoa participante padece (enfermidade/alergia/patoloxía): <input style="width:150px;" type="text"/> e por tanto, precisa das seguintes consideracións concretas no desenvolvemento das actividades do campamento:																					
AUTORIZO ÁS SEGUINTE PERSOAS PARA QUE RECOLLAN A/O MENOR Á SAÍDA DO CAMPAMENTO:																					
<table border="0" style="width:100%;"> <tr> <td style="width:60%;">*Nome e Apelidos (Proxenitor/a que non representa nesta inscrición)</td> <td style="width:40%;">*DNI</td> </tr> <tr> <td><input style="width:100%;" type="text"/></td> <td><input style="width:100%;" type="text"/></td> </tr> <tr> <td>Nome e Apelidos</td> <td>DNI</td> </tr> <tr> <td><input style="width:100%;" type="text"/></td> <td><input style="width:100%;" type="text"/></td> </tr> <tr> <td>Nome e Apelidos</td> <td>DNI</td> </tr> <tr> <td><input style="width:100%;" type="text"/></td> <td><input style="width:100%;" type="text"/></td> </tr> <tr> <td>Nome e Apelidos</td> <td>DNI</td> </tr> <tr> <td><input style="width:100%;" type="text"/></td> <td><input style="width:100%;" type="text"/></td> </tr> <tr> <td>Nome e Apelidos</td> <td>DNI</td> </tr> <tr> <td><input style="width:100%;" type="text"/></td> <td><input style="width:100%;" type="text"/></td> </tr> </table>		*Nome e Apelidos (Proxenitor/a que non representa nesta inscrición)	*DNI	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	Nome e Apelidos	DNI	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	Nome e Apelidos	DNI	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	Nome e Apelidos	DNI	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	Nome e Apelidos	DNI	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
*Nome e Apelidos (Proxenitor/a que non representa nesta inscrición)	*DNI																				
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>																				
Nome e Apelidos	DNI																				
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>																				
Nome e Apelidos	DNI																				
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>																				
Nome e Apelidos	DNI																				
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>																				
Nome e Apelidos	DNI																				
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>																				
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA PARA A MATRÍCULA																					
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI da persoa inscrita. <input type="checkbox"/> 1 Foto de carné, nome a apelidos polo dorso, no caso de que o/a menor non dispoña de DNI. <input type="checkbox"/> Fotocopia da Tarxeta Sanitaria do/a menor. <input type="checkbox"/> Xustificante do ingreso de pago, onde figurará no concepto: Nome e apelidos do/a menor+ CAMPAMENTO 2023 - nº QUENDA																					
DATOS BANCARIOS PARA O INGRESO Entidade bancaria: ABANCA Nº Conta para o ingreso: ES55 2080 0142 9031 1000 0019																					
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE																					
En Barreiros, a <input style="width:100px;" type="text"/> de <input style="width:100px;" type="text"/> de 2023																					

Dacordo co regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, de Protección de carácter persoal, os datos recollidos neste documento serán tratados de forma confidencial e poderán ser incorporados ao correspondentes ficheiros do Concello de Barreiros. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándollos por escrito mediante unha solicitude, que presentará en rexistro xeral do Concello de Barreiros ou por correo electrónico administracion@concellodebarreiros.gal, provisto dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. CONCELLO DE BARREIROS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos.

